



Concello de  
**OURENSE**

## **37/21. ACTA DA SEIÇÃO ORDINARA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2 DE SETEMBRO DE 2021**

Na cidade de Ourense, o dous de setembro de dous mil vinte e un, *sendo as oito horas e trinta e cinco minutos (8h:35')*, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: *Excmo. Sr Alcalde-Presidente: Don Gonzalo Pérez Jácome. Srs/as. Concelleiros/as: Don Telmo Manuel Ucha Álvarez, Don Jorge Pumar Tesouro, Dona Ana María Fernández Morenza, Dona Flora Moure Iglesias e Don Armando Ojea Bouzo*, que actúa como *Concelleiro-Secretario da Xunta*, -asisten como invitados: O Oficial Maior Acctal., don Javier Freire Gallego; o Interventor Municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez; o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez; e a letrada, dona Ana Blanco Nespereira-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

### **APROBACIÓN ACTA**

**1.- Aprobouse** por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 26 de agosto de 2021.

### **AVOGACIA CONSISTORIAL**

**2.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 106/21, interposto por D. José Manuel García Sobrado.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 106/21, interposto por D. José Manuel García Sobrado, contra a resolución sancionadora ditada polo Concelleiro delegado de Seguridade Cidadá de 12 de marzo de 2021 impondo unha sanción de 200 € pola comisión dunha infracción grave, estacionar en zona de circulación restrinxida, zona peonil (c/ Florentino Cuevillas). Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fíxose para o día 16-11-2021.

**3.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 67/21, interposto por D<sup>a</sup> Virginia Fernández Fernández.**



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 67/21, interposto por D<sup>a</sup> Virginia Fernández Fernández, contra o acto presunto desestimatorio da solicitude, de 15 de maio de 2019, sobre rectificación da autoliquidación polo imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Naturaleza Urbana e devolución de ingresos indebidos, pola compra-venta dun inmovible, a cuantía ascende a 4.139,79 €. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 16-11-2021.

**4.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 97/21, interposto por D<sup>a</sup> Josefa Martínez Campos.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 97/21, interposto por D<sup>a</sup> Josefa Martínez Campos contra o Acordo do Pleno do Tribunal Económico-Administrativo de 11 de marzo de 2021 que desestima a reclamación económica-administrativa interposta contra a Resolución do Xefe do Órgano de Xestión Tributaria desestimando o recurso de reposición interposto fronte as liquidacións do Imposto de Bens Inmóbeis (IBI) correspondentes aos anos 2014, 2015, 2016 e 2017, a cuantía ascende a 2.469,33 €. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 14/12/2021.

**5.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 15/21, interposto pola mercantil TRABENKA XESTIÓN URBANA S.L.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 15/21, interposto pola mercantil TRABENKA XESTIÓN URBANA S.L. contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto contra a Resolución de 14 de febreiro de 2020 dictada polo Xefe do Órgano de Xestión Tributaria desestimatoria da solicitude de rectificación das autoliquidacións polo imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Naturaleza Urbana pola venta de varios inmóbeis, a cuantía ascende a 11.023,93 €. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 17/11/2021.





**6.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 22/21, interposto por D. Ignacio Inaranja Bobo en nome propio e en representación dos seus irmans.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 22/21, interposto por D. Ignacio Inaranja Bobo en nome propio e en representación dos seus irmans, contra o Acordo do Pleno do Tribunal Económico-Administrativo de 17 de novembro de 2020 que estima parcialmente a reclamación económica-administrativa interposta contra a desestimación por silencio administrativo da solicitude de rectificación da autoliquidación polo imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Naturaleza Urbana por unha transmisión inter vivos, a cuantía ascende a 25.825,28 €. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fíxose para o día 3/11/2021.

**7.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 240/20, interposto por D<sup>a</sup> Mónica Gómez López.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 240/20, interposto por D<sup>a</sup> Mónica Gómez López, contra o Acordo do Pleno do Tribunal Económico-Administrativo de 10 de agosto de 2020 que inadmite a tramite a solicitude de suspensión de execución do pago dunhas débedas en período voluntario sobre liquidacións polo imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Naturaleza Urbana. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fíxose para o día 3/11/2021.

**8.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 33/21, interposto por D. Cristian Alonso Figueroa.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 33/21, interposto por D. Cristian Alonso Figueroa, contra o Decreto



da Concejalía de Recursos Humanos do Concello de Ourense de 23 de novembro de 2020, que desestima o recurso de reposición interposto frete a desestimación por silencio administrativo da solicitude de 27 de decembro de 2019 na que solicitaba a axuda social para gastos de odontoloxía e oftalmoloxía. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 10-11-2021.

**9.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 59/21, interposto por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José e D<sup>a</sup> Nuria Nuñez Rodríguez.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 59/21, interposto por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José e D<sup>a</sup> Nuria Nuñez Rodríguez contra o Acordo do Pleno do Tribunal Económico-Administrativo de 28 de decembro de 2020 que desestima a reclamación económica-administrativa interposta contra a desestimación por silencio administrativo da solicitude de nulidade do acto administrativo e devolución de ingresos indebidos das autoliquidacións polo imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Naturaleza Urbana por unha transmisión mortis causa, a cuantía ascende a 7.058,77 €. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 17/11/2021.

**10.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 60/21, interposto por D. José Manuel, D. Joaquín e D<sup>a</sup> Clara Velez Latorre.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 60/21, interposto por D. José Manuel, D. Joaquín e D<sup>a</sup> Clara Velez Latorre contra o Acordo do Pleno do Tribunal Económico-Administrativo de 28 de decembro de 2020 que desestima a reclamación económica-administrativa interposta contra a desestimación por silencio administrativo da solicitude de nulidade do acto administrativo e devolución de ingresos indebidos das autoliquidacións polo imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Naturaleza Urbana por unha transmisión mortis causa, a cuantía ascende a 10.930,16 €. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 17/11/2021.

**11.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 62/21, interposto por D<sup>a</sup> Rosario Blanco Ríos.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:



**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 62/21, interposto por D<sup>a</sup> Rosario Blanco Ríos contra o Acordo do Pleno do Tribunal Económico-Administrativo de 22 de decembro de 2020 que desestima a reclamación económica-administrativa interposta contra a Resolución do Xefe do Órgano de Xestión Tributaria aprobando as liquidacións polo imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana por unha transmisión inter vivos, a cuantía ascende a 8.090,10 €. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 1/12/2021.

**12.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 244/2020, promovido por D. José Manuel Enriquez Molinos, D. Elisardo Otero Formoso, D. Ángel Vaamonde Gacía, D. Pedro Luis Pombar Alvarado e D. José Manuel Vaquero Marquez.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1º. Coñecer e interpoñer** recurso de apelación diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a sentenza de 22 de xullo de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 244/2020. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

**2º. Darlle traslado** da Sentenza ao Servizo de Recursos Humanos, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**13.- Procedemento Ordinario 166/2021-E. Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. Dous de Ourense, no Procedemento Ordinario 166/2021-E, interposto pola Comunidade de Propietarios Solaina.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. Dous de Ourense, no Procedemento Ordinario 166/2021-E, interposto pola Comunidade de Propietarios Solaina contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra a Resolución de data 16 de abril de 2021 (Decreto nº 2021003199) ditada polo Alcalde-Presidente do Concello de Ourense no expediente 2020037150 da Sección de Disciplina Urbanística pola que acórdase a demolición ou retirada de peche instalado en dominio público do noiro do parque dos Remedios ata a Rúa Aviles de Taramancos.

Infórmase de que mediante o decreto núm. 2021006030 da Concellería de Urbanismo de 4 de agosto de 2021, acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o



personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

**14.- Procedemento Ordinario 7240/2021. Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de codemandado diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no Procedemento Ordinario 7240/2021, interposto por DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de codemandado diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no Procedemento Ordinario 7240/2021, interposto por DISTRIBUCIONES FROIZ S.A. contra o acordo do Xurado de Expropiación de Galicia da finca nº 1 por parte do Concello de Ourense para a obra "01933-1ª FASE DO PROXECTO INTEGRADOR DA NOVA ESTACION INTERMODAL DE OURENSE", expediente 2020001000. Considérase conveniente o personamento.

**SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA**

**LICENZAS**

**15.- Dona ARACELI RIVO PIÑEIRO.- Licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de reforma de vivenda sita na Avda. de Portugal, 61 - 2º D.- Expte. Sección de Licenzas Urbanísticas 2021023514.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** a dona Araceli Rivo Piñeiro licenza urbanística de obra para proxecto de reforma de vivenda sita na avenida de Portugal número 61 - 2º D-, en solo urbano, segundo proxecto redactado pola arquitecta dona Ana Cadahía Fernández, quen asume a dirección das obras, e cun orzamento de execución material de 20.030,80 Euros.

**2.- Requerir** á solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

O presente acordo tomase en base os informe da Arquitecta Municipal de data 3 de agosto do 2021 e o informe xurídico de data 24 de agosto do 2021, que trasladarase os interesados os efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen perxuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.





## **Condicións xerais:**

1. - Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2. - Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3. - O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4. - Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valla a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, a valla colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse a valla sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan vallas de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.
- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.
- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002, de 5 de decembro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar ca preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

## **SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO**



## **PATRIMONIO**

### **16.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións e danos sufridos como consecuencia dunha caída na rúa Río Sil. Expt. Resp. Patrimonial. 2019024749.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Considerar** a don Javier Dominguez Lorenzo **desistido** da súa solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións e danos sufridos como consecuencia dunha caída na rúa Río Sil, o día 14 de maio de 2019, por non reunir os requisitos legalmente esixibles segundo o disposto no artigos 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e non atender a interesada ao requirimento para completala.

**2.- Arquivar** o expediente.

**3.- Notificarlle** a don Javier Dominguez Lorenzo o informe xurídico de data 19 de agosto de 2021 para os efectos de motivación.

***Réxime de recursos:** Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

*No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.*

### **17.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións e danos sufridos como consecuencia dunha caída no parque de San Lázaro. Expte. 2019035895.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Considerar** a dona Irene Vázquez Insúa **desistida** da súa solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións e danos sufridos como consecuencia dunha caída no parque de San Lázaro, xunto á parada do autobús, o día 29 de maio de 2019, por non reuniros requisitos legalmente esixibles segundo o disposto no artigos 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e non atender a interesada ao requirimento para completala.

**2.- Arquivar** o expediente.

**3.- Notificarlle** a dona Irene Vázquez Insúa o informe xurídico de data 19 de agosto de 2021 para os efectos de motivación.

***Réxime de recursos:** Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante*







*o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

*No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.*

**18.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na rúa Manuel Fernández García. Expte. 2019024747.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Considerar** a dona Raquel Quintero Luaces **desistida** da súa solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na rúa Manuel Fernández García, o día 13 de maio de 2019, por non reunir esta os requisitos legalmente esixibles segundo o disposto no artigos 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e non atender a interesada ao requirimento para completala.

**2.- Arquivar** o expediente.

**3.- Notificarlle** a dona Raquel Quintero Luaces o informe xurídico de data 23 de agosto de 2021 para os efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** *Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

*No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.*

**19.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos como consecuencia dunha caída na avenida de As Caldas. Expte. 2021033763.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Inadmitir** a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Manuel Pérez Fernández polos danos sufridos como consecuencia dunha caída na avenida de As Caldas o día 10 de agosto de 2021, por non ser o Concello de Ourense a Administración competente para resolvela.



**2.- Remitir** as actuacións á Axencia Galega de Infraestruturas en cumprimento do establecido no artigo 14 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**3.- Notificarlle** a don Manuel Pérez Fernández o informe xurídico de data 24 de agosto de 2021 para os efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** *Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

*No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.*

## **SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

**20.- Modificación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares da contratación por procedemento aberto e tramitación simplificada das obras do proxecto de execución das obras de rehabilitación de firme nas rúas Juan XXIII, Concejo, Parque de San Lázaro e Curros Enríquez. (Expte. 2020035099).**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**ÚNICO.- Modificar** o Acordo numero 23 da Xunta de Goberno local de 29 de xullo de 2021, no seu punto primeiro, onde se aproba o Prego de condicións económico - administrativas, e **modificar** o Artigo 6 do indicado prego, nos parágrafos que se indican, de forma que

### **Onde di:**

ARCHIVO ELECTRÓNICO NUMERO 1, documentación administrativa

Documento núm. 1, documentación administrativa: que conterá a seguinte documentación:

1.- Declaración responsable do licitador, segundo modelo incluído no anexo IV, indicando que cumpre coas condicións establecidas para contratar coa administración e coas sinaladas no artigo 10 deste prego,

2.- Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), subscritas pola persoa que asine a proposición. O DEUC atopase dispoñible no seguinte enlace:

<https://visor.registrodelicitadores.gob.es/espdweb/>

3 - Declaración responsable do licitador, segundo modelo incluído no anexo V, en materia de protección de datos persoais.

En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, achegárase unha declaración responsable por cada empresa participante na que figurará a información requirida nestes casos no formulario do documento europeo único de contratación.

ARCHIVO ELECTRÓNICO NUMERO 2 CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

**Pasa a dicir:** (en negriña o texto modificado)



ARCHIVO ELECTRÓNICO NUMERO 1 , documentación administrativa e técnica, que conterà a seguinte documentación:

Documento núm. 1, documentación administrativa: que conterà a seguinte documentación:

- 1.- Declaración responsable do licitador, segundo modelo incluído no anexo IV, indicando que cumpre coas condicións establecidas para contratar coa administración e coas sinaladas no artigo 10 deste prego,
- 2.- Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), subscritas pola persoa que asine a proposición. O DEUC atopase dispoñible no seguinte enlace:  
<https://visor.registrodelicitadores.gob.es/espdweb/>
- 3 - Declaración responsable do licitador, segundo modelo incluído no anexo V, en materia de protección de datos personais.

En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, achegarse unha declaración responsable por cada empresa participante na que figurará a información requirida nestes casos no formulario do documento europeo único de contratación.

#### **DOCUMENTO NUMERO 2 CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR**

Mais adiante, e no mesmo artigo 6 do prego, o final do mesmo e xusto antes do artigo 7 se fai a seguinte modificación.

**Onde di:**

**ARCHIVO ELECTRÓNICO NUMERO 3: proposición económica:**

**Oferta económica:** formulada conforme ao modelo inxerido ao final deste prego (anexo I).

**Pasa a dicir:**

**ARCHIVO ELECTRÓNICO NUMERO 2: proposición económica:**

**Oferta económica:** formulada conforme ao modelo inxerido ao final deste prego (anexo I).

Posteriormente no artigo 8,

**Onde di:**

Unha vez efectuada a valoración e atribuída a puntuación correspondente, procederase a convocar o acto de apertura do sobre 3 que contén as ofertas económicas.

**Pasa a dicir:**

Unha vez efectuada a valoración e atribuída a puntuación correspondente, procederase a convocar o acto de apertura do sobre 2 que contén as ofertas económicas.

#### **PERSONAL E RECURSOS HUMANOS**



**21.- Recoñecemento ao persoal municipal que desenvolve parte da súa xornada ordinaria en noites e festivos do dereito á percepción dos pluses de nocturnidade e festividade como parte das súas retribucións complementarias fixas (expediente nº 2020039695).**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1º Ratificar**, en base aos informes do Coordinador Xeral da Administración Municipal e do Director Xeral de Recursos Humanos que obran no expediente, o acordo, adoptado o 20 de novembro de 2020 entre os representantes da Administración municipal e os organizacións sindicais no seo da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Ourense, co seguinte contido:

1º Recoñecer ao persoal municipal do Concello de Ourense e do Consello Municipal de Deportes que desenvolva parte da súa xornada ordinaria en noites e festivos o dereito á percepción dos pluses de nocturnidade e festividade previstos no Acordo regulador das condicións de traballo dos empregados públicos do Concello de Ourense, como parte das súas retribucións complementarias fixas, en aplicación da doutrina xurisprudencial fixada na sentenza da Sala do Contencioso Administrativo (Sección 4ª) do Tribunal Supremo nº 1233/2020 de 1 de outubro de 2020.

O dito recoñecemento será de aplicación con efectos de 20 de novembro de 2020, estendéndose ademais aos períodos anteriores non retribuídos respecto dos que non se producise a prescrición, con respecto aos que deberá aprobarse a correspondente liquidación de atrasos. Para estes efectos, considerarase de aplicación o prazo de prescrición de catro anos previsto na Lei Xeral Orzamentaria, conforme ao criterio establecido na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 26 de setembro de 2018, da que trae causa a STS nº 1233/2020 de 1 de outubro.

O importe aplicable dos pluses de nocturnidade e festividade nos períodos vacacionais ou análogos será o que corresponda conforme á media das liquidacións dos ditos pluses (establecidos no vixente acordo regulador das condicións de traballo do persoal municipal) nos doce meses anteriores ao período de referencia para a liquidación de haberes nos que se percibisen tales pluses.

Sen prexuízo do anterior, no caso dos períodos de liquidación de haberes correspondentes ao exercicio 2020 os doce meses anteriores ao período de referencia computaranse dende o 31 de decembro de 2019 (se que se teñan en conta os meses de 2020).

A liquidación dos atrasos salariais será aprobada polo concelleiro – delegado de Recursos Humanos no prazo máximo de tres meses dende a data de adopción deste acordo, notificándose aos interesados, e dela darase conta ás organizacións sindicais integradas na Mesa Xeral de Negociación e á Xunta de Persoal e Comité de Empresa do Concello. A dita liquidación incluírá os xuros legais aplicables ata a data prevista de pagamento dos atrasos.

2º O presente acordo terá vixencia ata tanto non se proceda á integración dos pluses de nocturnidade e festividade no complemento específico dos postos de traballo que desenvolvan parte da súa xornada ordinaria en noites e festivos. A tal efecto, o Concello de Ourense presentará ante a Mesa Xeral de Negociación unha proposta de modificación do complemento específico no prazo máximo de catro meses. Igualmente, convocarase á Comisión de Seguimento do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal municipal, para os efectos de que esta comisión estude a procedencia, no seu caso, de modificar o dito acordo regulador.

3º A execución do presente acordo queda condicionada á dispoñibilidade dos créditos necesarios no orzamento municipal. A tal efecto, o goberno municipal tramitará as modificacións orzamentarias que sexan precisas no mes seguinte ao da aprobación do acordo.

4º Unha vez adoptado este acordo, o Concello de Ourense o poñerá en coñecemento dos vulgados e tribunais que estean a coñecer dos recursos contencioso - administrativos pendentes de resolución nos que sexa de aplicación a doutrina dimanante da STS nº 1233/2020, de 1 de outubro de 2020, para os efectos previstos no artigo 76 da Lei reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

**2º) Notifíquese** ás organizacións sindicais interesadas, e publíquese na forma prevista na lexislación vixente.





**Réxime de recursos:** contra o acordo da Xunta de Goberno de ratificación do acordo adoptado no seo da Mesa Xeral de Negociación, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ou ben acudir directamente á vía xudicial, interpoñendo recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, en prazo de dous meses. Non poderán simultanearse ambos recursos. Os prazos indicados computaranse de data a data, a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación deste acordo.

**22.- Darse por enterada** da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data.

Ningunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, o *Excmo. Sr Alcalde-Presidente*, levantou a sesión ás oito horas e cincuenta minutos (08h:50'), do que como *Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local* dou fe.

